

I. DISPOSICIÓN XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

13385 *Circular 7/2021, do 28 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo, supervisión, valoración e liquidación de minguas no sistema gasista.*

O Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exigencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, modificou o artigo 65 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, atribuíndo á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, entre outras, a función de aprobar a normativa relativa ás minguas e autoconsumos, na cal se deben determinar as cantidades de gas que se deben reter para cada tipo de instalación. Ademais, o artigo 7.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, determina que a Comisión deberá establecer a metodoloxía de retribución das actividades de transporte e distribución de gas natural. Pola súa parte, o artigo 30.1 da citada lei sinala que esta comisión poderá ditar as disposicións de desenvolvemento e execución das leis, entre outras normas, que se aproben en relación cos sectores sometidos á súa supervisión cando a habiliten expresamente para iso, e tales disposicións deberán adoptar a forma de circulares da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Así mesmo, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, estableceu, no seu artigo 7.33, que é función da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calcular anualmente o saldo de minguas de cada rede de transporte.

Ata o momento, a normativa de referencia para o cálculo e valoración das minguas de gas nas instalacións gasistas estivo establecida en varias ordes ministeriais (ITC/3126/2005, do 5 de outubro, ITC/1890/2010, do 13 de xullo, ITC/3128/2011, do 17 de novembro, IET/2446/2013, do 27 de decembro, e IET/2736/2015, do 17 de decembro). Estas ordes foron evolucionando desde 2005 para reflectir os distintos aspectos e particularidades das minguas nas instalacións gasistas.

A circular adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dado que responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia. Esta circular é o instrumento máis adecuado para garantir a consecución dos obxectivos que persegue.

Con carácter xeral, no que se refire aos principios de necesidade e eficiencia, esta circular está xustificada por unha razón de interese xeral, baséase nunha identificación clara dos fins perseguidos e é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

En concreto, a necesidade de desenvolver unha metodoloxía para o cálculo das minguas para todas as instalacións gasistas, coherente co novo réxime de funcionamento e integración do sistema gasista e que aplique os principios de transparencia e eficiencia técnica e económica e dea un tratamento análogo aos saldos de minguas, incentivando a redución das minguas reais, deriva da revisión da regulación actual, que non recolle medidas homoxéneas para os distintos tipos de instalacións, nin integradas co modelo actual de xestión do sistema gasista. Neste sentido, cabe sinalar que, ademais, ningunha das ordes ministeriais citadas desenvolve co detalle suficiente o procedemento para calcular o saldo de minguas nas instalacións do sistema gasista, o mecanismo de cálculo das minguas reais por perdas e diferenzas de medición, ou o grao de desagregación da información que cómpre comunicar.

A circular é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación necesaria e imprescindible para lograr os obxectivos previamente mencionados. Así mesmo, axústase ao principio de seguraza xurídica ao desenvolver o regulador as funcións normativas asignadas polo Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro.

En cumprimento do principio de transparencia, as resolucións que dite a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en desenvolvemento desta circular serán publicadas nos termos establecidos nos artigos 7.1 bis e 37.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, tras dotarse o procedemento da máxima publicidade e transparencia.

Por todo o anterior, e conforme as funcións normativas asignadas polo artigo 65 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, modificado polo citado Real decreto lei 1/2019, logo de trámite de audiencia, e de acordo coas orientacións de política enerxética previstas na Orde TED/627/2020, do 3 de xullo, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do día 28 de xullo de 2021, acordou, de acordo co Consello de Estado, emitir esta circular.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta circular ten por obxecto regular os mecanismos de cálculo, supervisión, valoración e liquidación dos saldos de minguas nas instalacións do sistema gasista español, incluídos os incentivos á redución de minguas, así como definir os procedementos de información ao respecto entre os axentes afectados.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta circular será de aplicación ás plantas de regasificación e ás redes de transporte e de distribución por gasoduto do sistema gasista e, en consecuencia, aos axentes que desenvolven a súa actividade nestas instalacións, incluídos o xestor técnico do sistema, os titulares das instalacións e os usuarios que accedan a elas, conforme o definido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Artigo 3. *Definicións.*

Con carácter adicional ás definicións contidas na normativa vixente e, en particular, na Circular 8/2019, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, do 12 de decembro, pola que se definen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural, e na Circular 2/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen as normas de balance de gas natural, para efectos desta circular serán de aplicación as seguintes definicións:

- a) Minguas reais: cantidade de gas calculada a partir do balance físico de gas da dita infraestrutura segundo o establecido no artigo 5 desta circular e na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programacións, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.
- b) Minguas retidas: cantidade de gas propiedade dos usuarios que é descontada sobre a cantidade de gas que lles foi asignada nas reparticións en concepto de perdas e diferenzas de medición nas infraestruturas, calculadas segundo o establecido no artigo 6 desta circular.
- c) Saldo de minguas: cantidade de gas calculada como a diferenza entre as minguas reais e as minguas retidas para cada titular e para cada infraestrutura do sistema gasista, segundo o establecido no artigo 7 desta circular.
- d) Gas de operación ou autoconsumo: cantidade de gas necesaria para o funcionamento dos equipamentos e instalacións do sistema gasista, conforme o definido

na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

Artigo 4. *Principios xerais.*

1. Os mecanismos definidos nesta circular aplicaranse de acordo con criterios de eficiencia económica e serán transparentes, obxectivos e non discriminatorios.

2. Calcularanse minguas reais, minguas retidas e saldos de minguas para cada unha das plantas de regasificación, para o titular de redes de transporte polo conxunto das súas redes de transporte e para o titular de redes de distribución polo conxunto das súas redes de distribución, conforme o disposto nos artigos 5, 6 e 7 desta circular. Os saldos de minguas calculados serán repartidos entre os usuarios das instalacións conforme o disposto nesta circular.

3. As minguas reais, as minguas retidas e os saldos de minguas nas plantas de regasificación, redes de transporte e redes de distribución calcularanse con periodicidade mensual e anual. Para o cálculo de periodicidade mensual consideraranse meses naturais «m». Para o cálculo de periodicidade anual considerárase o ano de gas «n», que transcorre desde o 1 de outubro do ano «n-1» ata o 30 de setembro do ano «n».

4. O xestor técnico do sistema será o responsable de supervisar a correcta determinación, no ano de gas «n», das minguas reais rexistradas nas instalacións gasistas, as minguas retidas, os saldos de minguas e a súa asignación aos usuarios. Ademais, xestionará o gas do saldo de minguas das instalacións mediante o mantemento dunha conta de saldo de minguas do sistema, onde se ingresarán os saldos de minguas negativos nas instalacións de regasificación e transporte e desde onde se compensarán os saldos de minguas positivos das ditas instalacións.

5. O xestor técnico do sistema determinará e informará sobre a valoración e liquidación dos saldos de minguas anuais, conforme o disposto no artigo 13 desta circular. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará os saldos de minguas anuais e a súa valoración e liquidación, conforme o disposto no artigo 13 desta circular.

6. O intercambio de información entre os suxeitos afectados en relación coas minguas reais, minguas retidas, saldos de minguas e a súa valoración e liquidación realizarase a través do sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR).

7. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será a responsable de resolver calquera conflito entre as partes, nos termos do artigo 12.1.b.2.º da Lei 3/2013, do 4 de xuño, en relación coa proposta de cálculo, asignación, valoración e liquidación dos saldos de minguas.

CAPÍTULO II

Metodoloxía de cálculo das minguas reais, minguas retidas e saldo de minguas nas infraestruturas

Artigo 5. *Cálculo das minguas reais.*

1. As minguas reais nas instalacións do sistema gasista serán calculadas con base nos balances físicos do gas que transita polas instalacións, e para iso empregaranse as medicións dispoñibles ou, na súa falta, as mellores estimacións dispoñibles, efectuadas nos diferentes puntos de medición do sistema gasista, segundo o establecido na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

2. Para cada un dos titulares «i» de redes de transporte e plantas de regasificación, no conxunto da rede de transporte do titular e con detalle por planta de regasificación, e para cada mes «m», calcularanse as minguas reais mediante a seguinte fórmula:

$$\text{Minguas reais } i,m = \text{Existencias iniciais } i,m + \text{Entradas } i,m - \text{Saídas } i,m - \text{Existencias finais } i,m - \text{Autoconsumos } i,m$$

No referido ao titular «i» e o mes «m», deberase observar a definición das existencias iniciais i,m , das entradas i,m , das saídas i,m , das existencias finais i,m , e dos autoconsumos i,m , prevista na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

3. Para cada un dos titulares «i» de redes de distribución, con detalle por punto de conexión transporte-distribución (PCTD) e distribución-distribución (PCDD) que alimente as súas redes, e para cada mes «m», calcularanse as minguas reais mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Minguas reais } i,m,\text{PCTD/PCDD} = \text{Entradas á rede de distribución } i,m,\text{PCTD/PCDD} - \text{Saídas da rede de distribución } i,m,\text{PCTD/PCDD}$$

No referido ao titular «i», o mes «m» e o punto de conexión transporte-distribución (PCTD) ou punto de conexión distribución-distribución (PCDD), deberase observar a definición de entradas $i,m,\text{PCTD/PCDD}$ e saídas $i,m,\text{PCTD/PCDD}$ prevista na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

As minguas reais do operador «i» de redes de distribución correspondentes ao mes «m» serán a suma das minguas reais nos puntos de conexión transporte-distribución (PCTD) e distribución-distribución (PCDD) do distribuidor.

4. Para cada ano de gas «n» calcularanse as minguas reais como a suma das minguas reais correspondentes aos meses do dito ano. As minguas reais anuais que se considerarán no cálculo do saldo de minguas segundo o disposto no artigo 8 poderán presentar un límite máximo, segundo o seu signo, que se determinará mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 6. *Cálculo das minguas retidas.*

1. As minguas retidas nas instalacións do sistema gasista aos seus usuarios serán calculadas mensualmente, para o mes «m», mediante a aplicación dos coeficientes de retención en vigor aprobados mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. As minguas retidas calcularanse como unha porcentaxe que se aplicará:

a) Nas plantas de regasificación, sobre a enerxía descargada (kWh). Esta cantidade será retida ao usuario, no momento en que se produza a descarga, polo responsable da repartición, sobre a cantidade asignada ao usuario na repartición.

b) Nas redes de transporte que supoñan un punto de entrada ao conxunto da rede de transporte e distribución por gasoduto do sistema gasista, sobre as entradas que corresponden a cada usuario (kWh). Esta cantidade será retida ao usuario, polo responsable da repartición, sobre a cantidade asignada ao usuario na repartición.

c) Nas redes de distribución, sobre os consumos (kWh) dos clientes segundo a presión da rede a que estean conectados. Esta cantidade será imputada ao usuario polo responsable da repartición, incrementando a cantidade asignada por punto de conexión transporte-distribución (PCTD) e punto de conexión distribución-distribución (PCDD) na repartición como consumo.

d) Nas redes de distribución onde exista un punto de inxección de gas renovable, sobre as entradas que corresponden ao usuario (kWh). Esta cantidade será retida ao usuario, polo responsable da repartición, sobre a cantidade asignada ao usuario na repartición.

2. Mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinaranse as minguas retidas correspondentes ás operacións de carga de GNL de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío de buques, que se lles imputarán aos usuarios no momento da realización do servizo.

3. As minguas retidas aos usuarios nas descargas de buques contabilizaranse na planta onde se produciu a operación física.

4. A cantidade total de minguas retidas no conxunto dos puntos de entrada á rede de transporte polos titulares dos ditos puntos repartirase entre os titulares de redes de transporte conforme o establecido por resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Na repartición poderanse ter en conta o gas vehiculado, a capacidade de medición e as minguas xeradas nas instalacións.

5. As minguas retidas nas redes de distribución do titular «i» correspondentes ao mes «m» serán a suma das minguas retidas por punto de conexión transporte-distribución (PCTD) e distribución-distribución (PCDD) nas ditas redes.

6. Para cada ano de gas «n» calcularanse as minguas retidas como a suma das minguas retidas correspondentes aos meses do dito ano.

7. Non se reterán minguas en relación co gas que se introduza no sistema en concepto de talón, gas colchón e gas de operación sufragado polo sistema gasista.

Artigo 7. *Cálculo do saldo de minguas.*

1. Calcularanse saldos de minguas mensuais e anuais:

a) Por planta de regasificación e por titular de plantas de regasificación para o conxunto das súas plantas, como a suma dos saldos de minguas destas.

b) Por titular de transporte, para o conxunto das súas redes.

c) Por titular de distribución, para o conxunto das súas redes.

2. O saldo de minguas mensual do mes «m» (kWh) calcularase como a diferenza entre as minguas reais e as minguas retidas:

$$\text{Saldo mensual de minguas}_m = \text{minguas reais}_m - \text{minguas retidas}_m$$

3. O saldo anual de minguas do ano de gas «n» calcularase conforme a fórmula anterior, considerando as minguas reais e as minguas retidas correspondentes ao ano de gas «n».

4. Cando nas instalacións de regasificación e transporte o saldo de minguas sexa negativo, ao seren inferiores as minguas reais ás minguas retidas, ese saldo permanecerá temporalmente baixo titularidade do xestor técnico do sistema, incrementando así o gas dispoñible na conta do saldo de minguas do sistema. Sempre que haxa gas na conta do saldo de minguas do sistema, o xestor técnico do sistema comunicará aos operadores das instalacións as instrucións técnicas necesarias co obxectivo de lograr unha adecuada localización da dita cantidade de gas, de forma que non interfira co gas almacenado polos usuarios.

Cando nas instalacións de regasificación e transporte o saldo de minguas sexa positivo, ao seren superiores as minguas reais ás minguas retidas, tal saldo será compensado mediante unha diminución do gas dispoñible na conta de saldo de minguas do sistema.

CAPÍTULO III

Asignación do saldo de minguas aos usuarios

Artigo 8. *Asignación aos usuarios do saldo de minguas en plantas de regasificación.*

1. En cada unha das plantas de regasificación asignarase un saldo de minguas a aqueles usuarios que realizasen operacións de descarga de GNL.
2. Para cada mes «m» do ano de gas «n», o saldo de minguas da planta repartirase entre os usuarios citados no número 1 deste artigo, de forma proporcional ás cantidades descargadas polo usuario na dita planta.
3. O saldo de minguas anual do ano de gas «n» do usuario asignado nunha planta de regasificación corresponderase coa suma dos saldos correspondentes aos meses do dito ano.

Artigo 9. *Asignación aos usuarios do saldo de minguas en redes de transporte.*

1. No conxunto das redes de transporte do sistema gasista, asignaráselles un saldo de minguas a aqueles usuarios que teñan contratada capacidade de entrada ao punto virtual de balance da rede de transporte.
2. Para cada mes «m», o saldo mensual de minguas no conxunto da rede de transporte calcularase como a suma dos saldos de minguas dos transportistas no dito mes. Esta cantidade repartirase entre os usuarios citados no número 1 deste artigo, de forma proporcional ás súas entradas ao punto virtual de balance da rede de transporte.
3. O saldo de minguas anual do ano de gas «n» asignado ao usuario no conxunto da rede de transporte corresponderase coa suma dos saldos correspondentes aos meses do dito ano.

Artigo 10. *Asignación aos usuarios do saldo de minguas en redes de distribución.*

1. Para cada un dos titulares de redes de distribución e en cada punto de conexión transporte-distribución (PCTD) e distribución-distribución (PCDD) que alimente a rede do titular, asignaráselles un saldo de minguas a aqueles usuarios que rexistren consumos na rede conectada aos ditos puntos. Farase de forma proporcional ao seu consumo cando a rede alimentada por ese punto subministre só a consumidores non teledidos ou só a consumidores teledidos. Farase de forma proporcional ao seu consumo ponderado, cando a rede alimentada por ese punto subministre tanto a consumidores teledidos como a non teledidos. Neste último caso, os coeficientes para ponderar o consumo definiranse mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
2. Para cada mes «m», o saldo de minguas mensual do usuario asignado na rede de distribución do titular «i» será a suma dos saldos de minguas asignados a este nos puntos de conexión transporte-distribución (PCTD) e distribución-distribución (PCDD) que alimentan a rede do titular correspondentes a ese mes.
3. O saldo de minguas anual do ano de gas «n» do usuario asignado na rede de distribución do titular «i» corresponderase coa suma dos saldos correspondentes aos meses «m» do dito ano «n» na dita rede.

CAPÍTULO IV

Calendarios e información que intercambiarán os suxeitos

Artigo 11. *Calendario para o cálculo e información das minguas reais, minguas retidas e saldo de minguas mensuais.*

1. Para cada mes «m», antes da finalización do mes «m+3», e coa mellor información dispoñible nese momento proporcionada polos titulares das instalacións, no

sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) calcularanse as minguas reais, as minguas retidas e os saldos de minguas do mes «m», así como os saldos de minguas que corresponden aos usuarios das instalacións, conforme o establecido nesta circular.

2. Antes da finalización da primeira semana completa do mes «m+4», os usuarios das instalacións poderán consultar no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) os saldos de minguas que lles corresponden, xunto coa información necesaria que permita reproducir o seu cálculo. Os usuarios disporán dun prazo de 10 días para solicitaren a revisión destes. Tal solicitude seguirá o procedemento indicado na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

3. Así mesmo, antes da finalización da primeira semana completa do mes «m+4», publicarase no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) a información sobre as minguas reais, as minguas retidas e o saldo de minguas mensuais das instalacións, co detalle que se estableza na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

Cando, como resultado das revisións solicitadas polos usuarios for necesario modificar a información publicada sobre as minguas reais, as minguas retidas e o saldo de minguas mensuais das instalacións, esta será actualizada no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) de forma inmediata.

Artigo 12. Calendario para o cálculo e información das minguas reais, minguas retidas e saldo de minguas anuais.

1. Para cada ano de gas «n», antes da finalización do mes de xaneiro do ano de gas «n+1», e coa mellor información dispoñible nese momento proporcionada polos titulares das instalacións, no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) calcularanse as minguas reais, as minguas retidas e os saldos de minguas anuais das súas instalacións, así como os saldos de minguas anuais que corresponden aos usuarios destas, conforme o establecido nesta circular.

2. Antes da finalización do mes de xaneiro do ano de gas «n+1», os usuarios das instalacións poderán consultar no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) os saldos de minguas que lles corresponden no ano de gas «n», xunto coa información necesaria que permita reproducir o seu cálculo. Os usuarios disporán dun prazo de 15 días para solicitaren a revisión destes. Tal solicitude seguirá o procedemento indicado na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

3. Así mesmo, antes da finalización do mes de xaneiro do ano de gas «n+1», publicarase no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) a información sobre as minguas reais, as minguas retidas e o saldo de minguas anual das instalacións, co detalle que se estableza na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

4. O xestor técnico do sistema supervisará a correcta determinación das minguas reais, as minguas retidas, os saldos de minguas e a súa asignación aos usuarios para o ano de gas «n». Se no desenvolvemento deste labor de supervisión o xestor técnico do sistema detecta un defecto na determinación e repartición dos saldos de minguas que implique a súa modificación, o xestor técnico do sistema comunicará e xustificará ao titular o dito erro o antes posible, e sempre antes do 25 de febreiro do ano de gas «n+1», co fin de que este poida realizar as alegacións que considere oportunas e, en caso necesario, corrixir a súa asignación de saldos e trasladar a dita corrección aos usuarios afectados.

5. Cando, como resultado das reclamacións dos usuarios, ou ben da función de supervisión realizada polo xestor técnico do sistema, for necesario modificar a

información publicada sobre as minguas reais, as minguas retidas e o saldo de minguas anual das instalacións, esta será actualizada no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) de forma inmediata.

6. Para cada ano de gas «n», antes da finalización do mes de xaneiro do ano de gas «n+2», os titulares de instalacións poderán introducir no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) revisións da información remitida sobre as minguas. Con esta información calcularanse as minguas reais, as minguas retidas, o saldo de minguas anuais resultante, así como a asignación do dito saldo anual entre os usuarios.

7. Antes da finalización do mes de xaneiro do ano de gas «n+2», os usuarios das instalacións poderán consultar no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) a revisión dos saldos de minguas que lles corresponden no ano de gas «n», xunto coa información necesaria que permita reproducir o seu cálculo. Os usuarios disporán dun prazo de 15 días para solicitaren a revisión destes. Tal solicitude seguirá o procedemento indicado na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

8. Antes da finalización do mes de xaneiro do ano de gas «n+2», publicarase no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) a información revisada sobre as minguas reais, as minguas retidas e o saldo de minguas anual das instalacións do ano de gas «n», co detalle que se estableza na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

CAPÍTULO V

Valoración e liquidación dos saldos de minguas anuais e incentivos á redución das minguas reais

Artigo 13. Consideracións xerais sobre a valoración e liquidación dos saldos de minguas anuais nas instalacións gasistas.

1. Para cada ano de gas «n», o xestor técnico do sistema será o responsable de valorar os saldos de minguas dos titulares de plantas de regasificación, redes de transporte e redes de distribución.

2. Antes do 15 de marzo do ano de gas «n+1», o xestor técnico do sistema remitirá un informe sobre o seu labor de supervisión e valoración dos saldos de minguas anuais do ano de gas «n» á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que debe cumprir cos requisitos establecidos na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará a valoración dos saldos de minguas anuais do ano de gas «n» e, con base neste informe, se así o considera necesario, poderá aprobar mediante resolución uns novos coeficientes de minguas retidas nas instalacións.

3. A valoración dos saldos de minguas realizarase empregando a media aritmética, no ano de gas, do prezo medio ponderado de gas diario definido no artigo 3.1, alínea aa), da Circular 2/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen as normas de balance de gas natural. O xestor técnico do sistema publicará na súa páxina web o valor dese prezo e a información necesaria para reproducir o seu cálculo.

4. Se, como consecuencia da aplicación do disposto no artigo 12.6 desta circular, se lle remite ao xestor técnico do sistema nova información sobre o saldo de minguas correspondente ao ano de gas «n», o xestor técnico do sistema volverá supervisar e valorar as minguas reais, as minguas retidas, os saldos de minguas anuais e a súa asignación aos usuarios do ano de gas «n» conforme a nova información. Para iso, elaborará un informe complementario ao mencionado no número 2 deste artigo que remitirá, antes do 15 de marzo do ano «n+2», á Comisión Nacional dos Mercados e da

Competencia para a súa aprobación, así como aos usuarios afectados. Este informe complementario cumprirá os requisitos establecidos na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programacións, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos. Os usuarios disporán dun prazo de 15 días desde a recepción do informe para realizaren as alegacións que consideren oportunas, que remitirán tanto ao xestor técnico do sistema como á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 14. Valoración e liquidación dos saldos de minguas anuais nas plantas de regasificación e na rede de transporte.

1. A valoración dos saldos de minguas anuais do ano de gas «n» dos titulares de plantas de regasificación e de redes de transporte será realizada con detalle por planta de regasificación e para o conxunto de redes de transporte de cada titular.

2. No caso de que o saldo de minguas anual nunha planta de regasificación, ou o saldo de minguas anual dun titular de redes de transporte no conxunto das súas redes, sexa positivo, valorarase a totalidade do dito saldo ao prezo indicado no artigo 13.3 desta circular. As cantidades resultantes corresponderanse co concepto retributivo IM_a^e do titular de instalacións para o ano de gas «n» do artigo 14 da Circular 9/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para determinar a retribución das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado, e serán descontadas da retribución recoñecida ao titular das instalacións. O importe deste concepto retributivo liquidarase na primeira liquidación dispoñible do ano en curso como unha retribución negativa a pagamento único. Ademais, o gas necesario para cubrir o saldo de minguas positivo descontarase da conta do saldo de minguas do sistema.

3. No caso de que o saldo de minguas anual nunha planta de regasificación sexa negativo, a metade deste saldo repartirase entre os usuarios con saldo de minguas anual negativo de maneira proporcional ao saldo de cada usuario. O xestor técnico do sistema porá á disposición de cada usuario, á conta do gas acumulado na conta do saldo de minguas do sistema, a cantidade que lle corresponde no tanque virtual de balance, repartida proporcionalmente nos 30 días posteriores contados desde o sétimo día natural seguinte a aquel en que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobe a valoración dos saldos de minguas. Ademais, valorarase economicamente a metade do saldo de minguas da planta ao prezo indicado no artigo 13.2 desta circular. A cantidade resultante corresponderase co concepto retributivo IM_a^e do titular da planta de regasificación para o ano de gas «n» do artigo 14 da Circular 9/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para determinar a retribución das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado, e será engadida á retribución recoñecida ao titular da planta de regasificación. O importe deste concepto retributivo liquidarase na primeira liquidación dispoñible do ano en curso como un pagamento único.

4. Cando o saldo de minguas anual no conxunto das redes de transporte do sistema gasista sexa negativo, a metade deste saldo repartirase entre os usuarios con saldo de minguas anual negativo de maneira proporcional ao saldo de cada usuario. O xestor técnico do sistema porá á disposición de cada usuario no punto virtual de balance da rede de transporte, á conta do gas acumulado na conta do saldo de minguas do sistema, a cantidade que lle corresponde repartida proporcionalmente nos 30 días posteriores contados desde o sétimo día natural seguinte a aquel en que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobe a valoración dos saldos de minguas.

5. Ademais, no caso de que o saldo de minguas anual dun titular de redes de transporte, no conxunto das súas redes, sexa negativo, valorarase economicamente a metade do dito saldo de minguas ao prezo indicado no artigo 13.3 desta circular. A cantidade resultante corresponderá co concepto retributivo IM_a^e do titular da rede de

transporte para o ano de gas «n» do artigo 14 da Circular 9/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para determinar a retribución das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado, e será engadida á retribución recoñecida ao titular da rede de transporte. O importe deste concepto retributivo liquidarase na primeira liquidación dispoñible do ano en curso como un pagamento único.

6. Antes do 15 de marzo do ano de gas «n+1», o xestor técnico do sistema comunicarlles aos titulares de plantas de regasificación e de redes de transporte, así como aos usuarios destas, o saldo de minguas anual asignado a cada usuario, xunto coa información necesaria para reproducir o seu cálculo. Aos usuarios indicáraselles se lles corresponde a devolución de gas retido e, de ser o caso, a cantidade de gas que deben devolver. Os usuarios disporán dun prazo máximo de cinco (5) días hábiles desde a recepción desta comunicación para, se así o requiriren, renunciar á devolución do gas asignado mediante comunicación formal ao xestor técnico do sistema.

7. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá, mediante resolución, o destino do gas que quede na conta do saldo de minguas do sistema tras a entrega aos usuarios do gas do saldo de minguas anual do ano «n» que lles corresponde.

Artigo 15. *Valoración e liquidación dos saldos de minguas anuais na rede de distribución.*

1. O xestor técnico do sistema valorará os saldos de minguas dos titulares e usuarios de redes de distribución, con detalle por titular para o conxunto das súas redes de distribución, e con detalle por usuario e titular.

2. No caso de que o saldo de minguas anual dun titular de redes de distribución no conxunto das súas redes sexa positivo, o titular aboarlles aos usuarios das súas redes con saldo de minguas anual positivo a cantidade que resulte de valorar os saldos dos usuarios ao prezo indicado no artigo 13.3 desta circular. Pola súa vez, os usuarios con saldo de minguas anual negativo aboaranlle ao titular da rede de distribución a cantidade que resulte de valorar os seus saldos de minguas a este mesmo prezo. Os aboamentos realizaranse no prazo máximo dun mes desde que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobe as valoracións dos saldos de minguas.

3. O titular de redes de distribución cun saldo de minguas anual negativo no conxunto das súas redes repartirá a metade do valor absoluto do dito saldo entre os usuarios con consumo no conxunto das súas redes, de forma proporcional ao consumo ponderado segundo sexa telemedido ou non telemedido, de acordo cos coeficientes de ponderación que se definan mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a aplicación do artigo 10.1 desta circular. As cantidades resultantes engadiranse ao saldo anual inicial de cada usuario. Posteriormente, valorarase o saldo de minguas de cada usuario ao prezo indicado no artigo 13.3 desta circular. Cando o resultado da valoración sexa negativo, o usuario aboalle a dita cantidade ao titular no prazo dun mes desde que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobe as valoracións dos saldos de minguas. Cando sexa positiva, será o titular quen, no mesmo prazo dun mes, lle aboe a dita cantidade ao usuario.

4. Antes do 15 de marzo do ano de gas «n+1», o xestor técnico do sistema comunicarlles aos titulares de redes de distribución, con detalle por usuario, así como a cada usuario destas, con detalle por titular, o saldo de minguas anual asignado que lles corresponde, xunto coa información necesaria para reproducir o seu cálculo.

5. Os ingresos ou custos dos titulares de redes de distribución que resulten da compensación do saldo de minguas nestas corresponderanse co concepto retributivo IM_a^e do titular da rede de distribución do artigo 5 da Circular 4/2020, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de retribución da distribución de gas natural. O importe deste concepto retributivo non se saldará a través do sistema de liquidacións do sistema gasista, senón mediante

cobramentos e pagamentos entre os titulares de redes de distribución e os seus usuarios.

6. En caso de atrasos no aboamento das cantidades correspondentes, devindicaranse xuros de demora equivalentes ao euríbor a tres meses publicado en Reuters o día do vencemento do pagamento incrementado en dous puntos.

Disposición transitoria primeira. *Parámetros contidos nesta circular.*

Mentres non se aproben as resolucións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia referidas nos artigos 5.4, 6.1, 6.2 e 10.1 desta circular, terase en conta o seguinte:

1. Consideraranse os seguintes valores dos coeficientes de retención de minguas:
 - a) Nas descargas das plantas de regasificación, 0,00 %.
 - b) Nas entradas á rede de transporte desde conexións internacionais, plantas de regasificación e xacementos, 0,20 %.
 - c) En redes de distribución:
 - 1) Redes de presión igual ou inferior a 4 bar: 1,50 % do consumo, salvo as alimentadas a partir de planta satélite, que será o 2 % do consumo.
 - 2) Redes de presión superior a 4 e inferior ou igual a 16 bar: 0,38 % do consumo.
 - 3) Redes de presión superior a 16 bar: 0,00 % do consumo.
 - d) Nas entradas nos puntos de inxección de gas renovable, 0,00 %.
2. As minguas retidas nas operacións de carga de GNL de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío de buques serán as identificadas como minguas reais asociadas a cada un destes servizos.
3. Nas plantas de regasificación fíxanse, como límites máximos das minguas reais anuais, os seguintes valores:
 - a) Cando as minguas reais sexan positivas, para calcular o saldo de minguas, as minguas reais positivas reduciranse, descontando delas a enerxía descargada na planta (KWh) multiplicada por 0,005%.
 - b) Cando as minguas reais sexan negativas, para calcular o saldo de minguas tomarase como minguas reais o valor maior entre as ditas minguas reais negativas e a enerxía descargada na planta (KWh) multiplicada por -0,21%.
4. Para a asignación dos saldos de minguas en redes de distribución aos usuarios, os coeficientes para ponderar o consumo dos usuarios serán:
 - a) Consumos non telemedidos: 0,97.
 - b) Consumos telemedidos: 0,03.

Disposición transitoria segunda. *Repartición das minguas retidas entre os titulares da rede de transporte.*

1. Mentres non se aprobe a resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia referida no artigo 6.4 desta circular, a repartición da cantidade total de minguas retidas no conxunto dos puntos de entrada á rede de transporte polos titulares

dos ditos puntos no mes «m» repartiranse entre os titulares das redes de transporte aplicando a seguinte fórmula:

$$Mr_i = MRT \times [0,5 \times (Entradas_i / \sum Entradas_i) + 0,2 \times (ERM_i / \sum ERM_i) + 0,3 \times (Mreal_i / \sum Mreal_i)]$$

onde:

- Mr_i son as minguas retidas asignadas ao titular da rede de transporte «i» (kWh) no mes «m».
- MRT son as minguas retidas totais no conxunto dos puntos de entrada á rede de transporte polos titulares dos ditos puntos (kWh) no mes «m».
- $Entradas_i$ son as entradas físicas rexistradas na rede do titular «i» a través de conexións internacionais, plantas de regasificación, xacementos, almacenamentos subterráneos, puntos de inxección de gases renovables, puntos de conexión transporte-transporte. En caso de que un punto de conexión sexa bidireccional, contabilizaranse aquelas medidas que correspondan a entradas físicas de gas netas no día, sumándose as entradas diarias correspondentes a todo o mes.
- ERM_i é o número de estacións de regulación e medida conectadas á rede de transporte dun titular de transporte «i» no mes «m» que funcionan de fronteira de rede e se empregan para realizar o balance físico da instalación, segundo a información de que dispoña a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, proporcionada polos titulares das redes de transporte e polo xestor técnico do sistema.
- $Mreal_i$ son as minguas reais do titular da rede de transporte «i» (kWh) no mes «m».

2. Se, como resultado da aplicación do punto anterior, para algún titular de rede de transporte as minguas retidas asignadas (Mr_i) resultan un valor negativo, a este titular asignaráselle unhas minguas retidas iguais a cero. Para o resto de titulares recalcularanse as minguas retidas que se asignarán, excluindo toda a información correspondente ao titular con minguas retidas asignadas igual a cero, conforme a fórmula do número 1 deste artigo.

3. No caso de que a suma das minguas reais de todos os titulares de redes de transporte teña signo negativo, aplicarase a seguinte fórmula:

$$Mr_i = MRT \times [0,7 \times (Entradas_i / \sum Entradas_i) + 0,3 \times (ERM_i / \sum ERM_i)]$$

Disposición transitoria terceira. *Tratamento das minguas para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 30 de setembro de 2021.*

Para os efectos de determinar e valorar os saldos de minguas das instalacións gasistas no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 30 de setembro de 2021, conforme a metodoloxía establecida nas ordes ministeriais ITC/3126/2005, do 5 de outubro, ITC/1890/2010, do 13 de xullo, ITC/3128/2011, do 17 de novembro, IET/2446/2013, do 27 de decembro, e IET/2736/2015, do 17 de decembro, considerarase o dito período como un ano completo.

Disposición transitoria cuarta. *Normas de xestión técnica.*

Ata que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobe as normas de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos, serán de aplicación, no que se refire a esta circular, as disposicións oportunas da Orde ITC/3126/2005, do 5 de outubro, pola que se aproban as normas de xestión técnica do sistema gasista.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o 1 de outubro de 2021.

Madrid, 28 de xullo de 2021.—A presidenta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, Cani Fernández Vicién.